



Christian Bobin. Trad. de Alicia Martínez. Prólogos de Xosé Arregi e Rafael Redondo. El Gallo de Oro, Bilbao, 2016

De que está feito o libro que tes nas túas mans? «Os libros de agora son de papel, os libros de onte eran de pel. A Biblia é o único libro de aire –unha inundación de tinta e de vento». Esta frase, unha das primeiras do *Baixísimo*, suxírenos a resposta, aínda que con ela contradigamos en parte ao autor: a levedade deste libro de hoxe –que non oculta as súas raíces bíblicas– fainos pensar na súa natureza aérea, pois tamén el está feito de aire. E é que desde o principio chámamos a atención a familiaridade do autor coa Biblia: esa dobre mirada súa de bo coñecedor do texto sacro, mirada de lonxe capaz de percibir as liñas mestras, –os grandes conxuntos e o seu significado– e a un tempo mirada próxima, que atende aos pequenos detalles e deléitase neles. Mirada, si, de poeta que posúe unha relación moi particular con eses libros, convertidos no Gran Código da literatura e da imaxinación occidentais.

Libro inclasificable: percorre, aténdose á secuencia cronolóxica, as diferentes etapas da fascinante vida de Francisco de Asís (familia, nenez, mocidade, participación na guerra e encarceramento, enfermidade, ruptura co pai, fundación da comunidade, viaxe a Terra Santa, relación con Clara, *Canto das criaturas*) e, malia iso, non é unha biografía, e en todo caso, non é unha biografía ao uso. E, menos aínda –malia á evidente admiración e simpatía por Francisco e aínda conxenialidade con el– un relato haxiográfico: «Por outra banda, non hai santos», titúlase reveladoramente un dos capítulos. Non hai concesións a milagres, mais cando convén aténdese á «lenda que di a verdade, a que non pode probarse máis ca co sangue das almas» (así, á mantenta do incendio que parecería provocar a conversación de Francisco e Clara).

Os feitos esenciais desa vida –máis ca narrados con dete-